

CONTRATACIÓN DE CATRO PRAZAS DE MONITOR DEPORTIVO 2018	
30/05/2018	Ultimo día para aportar documentación para baremar.
05/06/2018 – 14.00 h.	Listado de admitidos e excluídos.
06/06/18	Reclamación ao listado de admitidos e excluídos
13/06/2018 – 14.00 h.	Listado provisional
14/06/2018	Reclamación ao listado provisional
20/06/2018 – 14.00 h.	Listado definitivo
	Datas probables de contratación: Para o primeiro seleccionado: do 01/07/2018 ao 06/09/2018 (xornada parcial: 25horas/semana). Para o segundo, terceiro y carto seleccionado: do 01/07/2018 ao 06/09/2018 (xornada parcial: 15horas/semana)

Presentarase unha única solicitude e as prazas outorgaranse segundo o posto que ocupe cada candidato tras o proceso de selección.

1.- Documentación mínima que teñen que aportar para participar no proceso de selección:

Fotocopia do DNI

Declaración de veracidade e Certificado negativo do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais

Titulación mínima exigida: Ciclo medio de actividades físicas e deportivas

2.-Motivos de exclusión do proceso de selección:

Non aportar a documentación mínima esixida

3.- Documentación que poden aportar para acadar méritos:

Experiencia profesional:

1.- Por servizos prestados en calquera administración pública na mesma categoría a que se pretende acceder: 0,25 puntos/mes. (Informe de vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

2.- Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes. (Informe de vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

Minusvalidez do solicitante compatible co posto de traballo, igual ou superior ao 33% (1 punto)que se acreditará mediante certificado de grado de minusvalidez emitido pola Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Cursos de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Administracións Públicas, universidades, INEM, Fundación tripartita para formación ou sindicatos, e relacionado coas funcións propias da categoría:(máximo 3 puntos)

De 40 a 100 horas	0,10 puntos/curso
De 101 a 300 horas	0,40 puntos/curso
De 301 a 500 horas	0,60 puntos/curso
De 501 horas en adiante	1,00 puntos/curso

Titulación académica distinta a solicitada como requisito imprescindible para o acceso (só se computará a titulación de máis nivel das alegadas):

Título de doutor/a	1,75 puntos
Título de licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro	1,50 puntos
Título de enxeñeiro/a, técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a	1,25 puntos
Título de COU, Título de técnico especialista obtido en FP de 2º grado, Título de Bacharelato actual, Ciclo formativo de grado superior ou equivalente	0,75 puntos

Graduado en secundaria, 2º BUP superado, Título de técnico auxiliar obtido en 2º ano de FP de 1º grado, ciclo formativo de grado medio ou equivalente	0,50 puntos
Graduado escolar, 2º da ESO superado	0,25 puntos

Coñecemento acreditado do idioma galego acreditado polos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galiza.(só se valorará o grado superior alegado)

Iniciación	0,50 puntos
Perfeccionamento	0,75 puntos
Especialización	1,00 puntos

